



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

ANUNCIO DE IRMANDAMENTO ENTRE OS CONCELLOS DE ARJONILLA (JAÉN) E PADRÓN (A CORUÑA)

Faise público que por acordo do Pleno da Corporación Municipal, adoptado na sesión realizada o 29 de maio de 2025, aprobouse o irmandamento entre os municipios de Arjonilla (Jaén) e Padrón (A Coruña) que se reproduce literalmente a continuación:

«XUSTIFICACIÓN

O irmandamento defínese tradicionalmente como o encontro do dous municipios que deciden facer pública a súa unión para actuar dentro dunha perspectiva, para desenvolver entre eles uns lazos de amizade cada vez máis estreitos. Actualmente Padrón atópase irmandado coa illa de Noirmoutier (Francia) e cos concellos de Rianxo e Santiago de Compostela, e grazas a este feito as canles de colaboración entre institucións son enormemente fluídas, así como a consideración da cidadanía dos tres municipios, que configuran un eixo de intercambio cultural, económico e de lecer.

O presente documento ten como finalidade someter á consideración do Pleno do Concello a aprobación do irmandamento entre os municipios de Arjonilla, na provincia de Jaén, e Padrón, na provincia da Coruña. Este irmandamento fundaméntase no vínculo histórico e cultural compartido entre ámbalas dúas localidades a través da figura do trobador Macías, persoeiro emblemático da nosa literatura medieval e referente local en ámbolos dous municipios.

Ao longo da historia, os irmandamentos entre pobos teñen demostrado ser ferramentas fundamentais para o fortalecemento de lazos de cooperación, no intercambio cultural e no desenvolvemento de sinerxias que benefician ás localidades. Neste caso, a unión de Arjonilla e Padrón permitirá recuperar e poñer en valor unha parte importante do noso legado histórico, promovendo actividades conxuntas que fomenten o coñecemento mutuo e o enriquecemento social.

Considerando que o irmandamento de municipios é un instrumento de cooperación institucional que fomenta o intercambio cultural, social, económico, reforzando a identidade común e promovendo a colaboración en distintos eidos do interese mutuo, o órgano competente para acordar formalmente dito irmandamento é o Pleno, xa que o artigo 22.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, dispón que corresponde a este órgano a adopción dos acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais.

ANTECEDENTES HISTÓRICOS E CULTURAIS

1. O Trobador Macías como nexo de unión.

Macías “O Namorado” foi un trobador medieval de orixe padronesa que viveu entre os séculos XIII e XIV. A súa trágica historia de amor con dona María de Monroy, marcada pola persecución e o seu funesto final en Arjonilla convertérono nunha figura literaria de grande relevancia, inspiradora de obras de grandes escritores nacionais, entre os que destaca “El doncel de Don Enrique El Doliente”, de Mariano José de Larra. Os seus poemas, pertencentes á tradición trobadoresca, reflicten os ideais de amor cortés, que perduraron ao longo do tempo como parte do acervo cultural hispánico.

2. Vínculo entre Arjonilla e Padrón.

A figura de Macías eríxese como ponte cultural entre ámbalas dúas localidades. Padrón, como lugar natal do trobador, e Arjonilla, como escenario da súa morte, representan dous fitos fundamentais na súa historia. Este nexo xustifica e reforza a iniciativa de irmandamento, outorgando un carácter histórico e cultural á proposta.

BENEFICIOS DO IRMANDAMENTO

O irmandamento entre Arjonilla e Padrón poderá traer consigo unha serie de beneficios que repercutirán positivamente no eido cultural, social e económico de ámbalas dúas localidades. Entre eles, destacan os seguintes:



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

1. Promoción do patrimonio cultural.

A colaboración entre ámbolos dous municipios facilitará a organización de actividades culturais conxuntas, como xornadas literarias, representacións teatrais, conferencias ou exposicións sobre a figura do trovador Macías. Isto contribuirá á difusión do patrimonio literario e histórico asociado.

2. Fomento do turismo.

Este irmandamento supón un impulso e unha oportunidade para o turismo de ámbalas dúas localidades, ao configurar unha nova opción de turismo histórico que conecta escenarios vinculados á vida de Macías. A creación de eventos temáticos, rutas guiadas ou feiras medievais vinculadas á súa figura poderá atraer visitantes interesados na historia e a cultura medieval, con repercusión na economía local.

3. Intercambio educativo e cultural.

A colaboración entre centros educativos e institucións culturais de Arjonilla e Padrón permitirá o desenvolvemento de programas de intercambio entre estudantes, docentes e outros colectivos. Estas iniciativas fomentarán a aprendizaxe da historia compartida e a tradición oral, promovendo valores de respecto e coñecemento mutuo.

4. Fortalecemento dos lazos comunitarios.

A nivel social, o irmandamento contribuirá a estreitar lazos entre os habitantes de ámbalas dúas localidades, favorecendo o entendemento e a colaboración en distintos eidos. A organización de encontros cidadáns, festivais culturais ou eventos solidarios conxuntos servirá para fortalecer a identidade común e promover o sentimento de irmandade.

5. Desenvolvemento económico e promoción local.

O irmandamento tamén pode materializarse en oportunidades de cooperación comercial e gastronómica entre os sectores produtivos de ámbalas dúas localidades. O intercambio de produtos autóctonos, a promoción conxunta de eventos e a colaboración entre pequenos empresarios ou cooperativas poden xerar sinerxias económicas mutuamente beneficiosas.

APROBACIÓN E SINATURA DO ACORDO

Sométese esta proposta á consideración e aprobación dos Plenos dos concellos de Arjonilla e Padrón, confiando en que este irmandamento sexa un paso significativo cara a preservación do patrimonio histórico e cultural común e na creación dunha relación frutífera e duradeira entre ámbalas dúas localidades.

Condiciónase a efectividade do acordo á súa aprobación nos plenos de cada un dos concellos implicados para formalizar de maneira institucional dito irmandamento.

Establécese a efectividade do irmandamento coa visita institucional que se produza entre representantes institucionais de ámbalas dúas localidades á súa homóloga.

Tendo en conta o exposto anteriormente propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro. Aprobar o irmandamento entre os municipios de Arjonilla (Jaén) e Padrón (A Coruña), co propósito de fortalecer os vínculos culturais, históricos e sociais entre ámbalas dúas localidades, promovendo iniciativas conxuntas que favorezan o coñecemento mutuo e o desenvolvemento de proxectos de interese común.

Segundo. Dar traslado do presente acordo ao Concello de Arjonilla (Jaén) para os efectos de formalizar de maneira institucional dito irmandamento.

Terceiro. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial de la Provincia e Taboleiro electrónico para coñecemento público do mesmo.>>



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

correo@padron.galwww.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca